

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

ORDE do 27 de setembro de 2023 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura dos establecementos comerciais durante o ano 2024.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro), modificada pola Lei 1/2013, do 13 de febreiro (DOG do 14 de febreiro), determina no artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de dez ao ano.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a Comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido na liña anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, así que fosen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas a que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, e teñen que se presentar acompañada dos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o devandito prazo sen resolución expresa, considerarase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que estivesen aprobados.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG do 4 de xullo). O devandito decreto está en vigor mentres non se desen-



volva a estrutura resultante do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

En aplicación dos citados preceptos, logo da consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos 10 domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2024.

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único

Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público durante o ano 2024 son:

7 de xaneiro

28 de marzo

30 de xuño

12 de outubro

1 de decembro

6 de decembro

8 de decembro

15 de decembro

22 de decembro

29 de decembro

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía, Industria e Innovación

